Resolución do 26 de outubro de 2026 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o Desafío CiberFP e se establecen as bases para a participación dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2026/2027.

A transformación dixital da sociedade e dos sectores produtivos incrementou a dependencia das tecnoloxías da información, das redes de comunicacións e dos sistemas de control e automatización, facendo da ciberseguridade un elemento esencial para a protección da información, dos sistemas e das infraestruturas dixitais e industriais. Neste contexto, a Formación Profesional desempeña un papel fundamental na xeración de talento especializado, sendo especialmente relevante unha aprendizaxe práctica baseada na resolución de retos e situacións próximas á realidade profesional.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece entre os principios do sistema educativo o fomento da investigación, da experimentación e da innovación educativa e, no seu artigo 102.3, atribúe ás administracións educativas o impulso de programas de investigación e innovación, do traballo colaborativo e das redes profesionais e de centros. Neste marco, a formación en ámbitos emerxentes como a ciberseguridade contribúe á actualización das competencias dixitais e tecnolóxicas.

A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establece a actualización permanente e a adaptación ás transformacións dos sectores produtivos, especialmente as asociadas á dixitalización, e incorpora a innovación, a investigación aplicada e a transformación dixital como elementos estruturais da Formación Profesional.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece a incorporación das competencias profesionais emerxentes, da innovación e da dixitalización e, no seu artigo 211, promove actuacións de innovación e investigación aplicada vinculadas ás tecnoloxías e aos procesos avanzados que transforman os sectores produtivos.

O Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, impulsa a investigación e a innovación aplicada, a dixitalización, as tecnoloxías avanzadas e a colaboración dos centros con empresas e institucións para o desenvolvemento de actuacións vinculadas aos sectores emerxentes e estratéxicos de Galicia.

A Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 sitúa a innovación e a dixitalización entre os seus eixes prioritarios, promovendo a incorporación de tecnoloxías emerxentes e unha formación práctica e especializada adaptada ás necesidades dos sectores produtivos.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 identifica a ciberseguridade como unha tecnoloxía prioritaria para Galicia e establece como obxectivos o reforzo das capacidades e infraestruturas neste ámbito, o desenvolvemento dun ecosistema dixital seguro e a xeración de talento especializado.

Así mesmo, a Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030, aliñada coa Estratexia de Ciberseguridade da Unión Europea e coa Estratexia Nacional de Ciberseguridade, establece o marco para avanzar cara a un ciberespazo seguro e reforzar as capacidades de prevención, protección e resposta ante as ameazas dixitais.

O Plan Innova FP Galicia 2026-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 20 de abril de 2026, contempla especificamente o desenvolvemento do CiberLabFP, Laboratorio avanzado de ciberseguridade IT/OT da FP de Galicia, o despregamento dunha oferta especializada en ciberseguridade e o Desafío CiberFP, como competición destinada a fomentar a aprendizaxe práctica mediante retos técnicos baseados en situacións reais.

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve

A Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 enmarca esta iniciativa no reto 2, Modelo industrial baseado na competitividade e o coñecemento, especialmente na prioridade 2, Dixitalización, na que a ciberseguridade resulta esencial para a protección dos novos contornos tecnolóxicos, e na prioridade 3, Enfoque cara ás persoas, mediante o desenvolvemento de competencias e talento especializado.

O Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, a través do CiberLabFP, dispón dunha infraestrutura específica para a formación, a experimentación e a innovación en ciberseguridade aplicada a contornos IT e OT.

O Desafío CiberFP configúrase como unha competición dirixida ao alumnado de Formación Profesional para desenvolver competencias en ciberseguridade mediante a resolución de retos prácticos inspirados en situacións profesionais reais, fomentando o talento, o traballo colaborativo, a capacidade de análise e resolución de problemas e a especialización profesional neste ámbito.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar o Desafío CiberFP 2026 e regular a súa organización, participación e desenvolvemento, co fin de favorecer a adquisición de competencias en ciberseguridade por parte do alumnado de Formación Profesional, afondando nas competencias traballadas a través do módulo profesional de Dixitalización aplicada aos sectores produtivos.

Artigo 2. Persoas destinatarias

Poderá participar no programa o alumnado de Formación Profesional de centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2026/2027.

A competición estrutúrase en tres desafíos, en función dos coñecementos previos do alumnado:

1. **Desafío Explorador:** dirixido a alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior de calquera familia profesional, agás Informática e Comunicacións e Electricidade e Electrónica, que conte coas competencias do módulo profesional de Dixitalización aplicada aos sectores produtivos.
2. **Desafío Aventureiro:** dirixido a alumnado de ciclos formativos de grao medio e superior das familias profesionais de Informática e Comunicacións e de Electricidade e Electrónica que conte con coñecementos previos en sistemas informáticos, redes, programación, electrónica ou seguridade dixital.
3. **Desafío Experto:** dirixido a alumnado de ciclos formativos de grao superior e de cursos de especialización das familias profesionais de Informática e Comunicacións e de Electricidade e Electrónica que conte con coñecementos técnicos especializados en sistemas, redes, programación, electrónica e ciberseguridade.

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 3. Definición do programa

Para os efectos desta resolución, o Desafío CiberFP 2026 configúrase como un programa de carácter autonómico, formativo e competitivo no ámbito da ciberseguridade, dirixido ao alumnado de Formación Profesional de Galicia.

O programa pretende facilitar o achegamento do alumnado a metodoloxías e ferramentas propias do ámbito profesional da ciberseguridade, favorecer unha participación progresiva de acordo co seu nivel de coñecementos e contribuír á identificación e promoción do talento no sistema galego de Formación Profesional.

Artigo 4. Candidaturas

1. A participación de cada centro na competición será cursada por unha ou varias persoas que realicen a labor de coordinación e que actuarán como interlocutoras coa organización. Unha mesma persoa docente poderá asumir a coordinación de máis dun equipo do seu centro educativo.
2. Cada centro poderá inscribir un número ilimitado de equipos, integrados por tres estudantes, de acordo coas condicións establecidas no artigo 2 para cada desafío.
3. O alumnado só poderá formar parte dun equipo e participar nun único desafío durante a mesma edición da competición.
4. A composición dos equipos non poderá modificarse unha vez finalizado o prazo de inscrición, agás por causas debidamente xustificadas e logo de autorización expresa da organización.
5. A inscrición nun desafío implicará a obriga de participar en todas as fases e xornadas da competición.

Artigo 5. Solicitude e prazo de presentación

1. Para participar nesta convocatoria, o centro educativo deberá presentar unha única instancia de solicitude (Anexo I), na que se relacionarán todos os equipos participantes. O devandito anexo deberá cubrirse dixitalmente en formato de folla de cálculo e presentarse sen asinar.
2. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 13 de novembro de 2026, inclusive.
3. O centro educativo dirixirá a solicitude á Dirección Xeral de Formación Profesional na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non conten cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365). Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico fpinnova@edu.xunta.gal nos prazos establecidos para a presentación.
4. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a listaxe dos equipos presentados a esta convocatoria na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (http://www.edu.xunta.gal). Nesa mesma listaxe requirirase os centros cuxa solicitude presente defectos formais ou omisión dalgún documento exixido para que, nun prazo máximo de 3 días naturais contados a

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve

partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, emenden ou completen a documentación da súa solicitude. De non facelo, terase por desistidos da súa solicitude.

Artigo 6. Estrutura e fases da competición

1) Presentación

Celebrarase nunha data por determinar no mes de novembro de 2026.

Durante esta xornada daranse a coñecer as características da competición, impartirase a formación necesaria para o desenvolvemento dos tres desafíos e facilitarase aos equipos o material de apoio que poderá resultar de utilidade para a resolución dos retos.

2) Competición clasificatoria

1. Realizarase de maneira descentralizada e telemática nos centros educativos participantes no mes de xaneiro de 2027, cunha **duración máxima dunha hora**. Durante esta proba, os equipos deberán resolver diferentes **retos de ciberseguridade**, relacionados cunha temática concreta e adaptados ao desafío correspondente.
2. Clasificaranse para a competición final aqueles equipos que acaden as mellores puntuacións, segundo o establecido no artigo 8.

3) Competición final e acto de recoñecemento

1. Celebrarase **de xeito presencial no Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros (CGIFP), en Ourense,** no mes de febreiro de 2027.
2. Os equipos finalistas deberán resolver retos avanzados de ciberseguridade, distintos dos da competición clasificatoria e acordes con cada desafío.
3. Ao remate da competición final celebrarase un acto de recoñecemento aos equipos participantes, no que se fará entrega dos diplomas acreditativos previstos no artigo 11.

As datas indicadas anteriormente poderán ser modificadas por motivos de organización. Neste caso, as modificacións publicaranse na ligazón www.edu.xunta.gal/fp/ e informarase aos centros educativos participantes a través do correo electrónico coa máxima antelación posible.

Artigo 7. Contido dos retos

1. Os retos da competición estarán baseados na resolución de situacións prácticas e na simulación de escenarios relacionados coa ciberseguridade, mediante unha metodoloxía de tipo *Capture The Flag* (CTF).
2. O contido, a dificultade e o grao de especialización dos retos adaptaranse ás características de cada un dos desafíos de participación.
3. Desafío **Explorador**: os retos estarán orientados á iniciación no ámbito da ciberseguridade e ao desenvolvemento da capacidade de análise, do razoamento lóxico, da resolución de problemas e do traballo en equipo. Estes contidos estarán relacionados, principalmente, coas competencias desenvolvidas no módulo profesional de **Dixitalización aplicada aos sectores produtivos**, sen que sexa necesario dispor de coñecementos técnicos especializados previos.
4. Desafío **Aventureiro**: os retos estarán relacionados cos coñecementos e as competencias técnicas propias dos ciclos formativos das familias profesionais de Informática e Comunicacións e de Electricidade e Electrónica.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve

5. Desafío **Experto**: os retos presentarán un maior grao de complexidade técnica e poderán requirir a aplicación integrada de coñecementos especializados en administración de sistemas, redes, programación, electrónica, análise forense, seguridade ofensiva e defensiva e resolución de incidentes.
6. Os retos serán diferentes para cada desafío e estarán deseñados de maneira que todas as persoas participantes nun mesmo desafío se enfronten ás mesmas condicións, tempos e criterios de puntuación.
7. Todas as actividades deberán realizarse exclusivamente nos contornos, sistemas e recursos autorizados pola organización. Queda prohibida calquera actuación sobre equipos, redes, contas ou servizos alleos á competición.

Artigo 8. Sistema de puntuación, avaliación e clasificación

1. Ao inicio da proba facilitarase a seguinte información:
    - Número, tipoloxía e puntuación máxima asignada a cada reto.
    - Pistas ou axudas dispoñibles, así como a correspondente penalización **na puntuación polo seu uso**.
2. A puntuación final de cada equipo resultará da suma das puntuacións obtidas en cada reto, unha vez aplicadas as penalizacións correspondentes.
3. En caso de empate na puntuación total, empregarase como criterio de desempate a **rapidez na resolución dos retos**, e terá preferencia o equipo que acadase a súa puntuación final no menor tempo.
4. De persistir o empate, a organización poderá establecer criterios adicionais ou declarar o empate definitivo.

Artigo 9. Organización

1. A organización designará unha comisión técnica encargada de supervisar o correcto desenvolvemento da competición, validar as solucións presentadas e resolver as incidencias que poidan xurdir.
2. A comisión estará integrada por profesorado experto en ciberseguridade, persoal da Dirección Xeral de Formación Profesional e persoal do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros.

Artigo 10. Aceptación das bases

A participación na competición implica a aceptación íntegra das bases establecidas nesta resolución. Calquera circunstancia non prevista nelas será resolta pola organización.

Artigo 11. Certificación

As persoas coordinadoras dos equipos que accedan á competición final recibirán unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 10 horas de formación permanente do profesorado.

O alumnado participante recibirá un diploma acreditativo da súa participación neste programa, así como da formación recibida ao longo deste.

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 12. Obrigas das persoas participantes

1. As persoas participantes comprométense a respectar en todo momento as normas establecidas nesta resolución e as instrucións facilitadas pola organización.
2. O uso indebido das ferramentas, a realización de accións alleas aos retos propostos ou calquera comportamento contrario aos principios de xogo limpo poderá supor a descualificación inmediata do equipo.
3. As persoas participantes comprométense a participar en todas as actividades relativas á execución do programa.

Artigo 13. Obrigas dos centros educativos

1. Os centros educativos participantes comprométense a facilitar os medios organizativos necesarios para o correcto desenvolvemento da competición clasificatoria.
2. Os centros deberán designar polo menos unha persoa responsable de coordinación, que actuará como interlocutora coa organización da competición.
3. Así mesmo, comprométense a colaborar nas accións de difusión e comunicación da competición.

Artigo 14. Difusión e publicidade

A participación no Desafío CiberFP implica a autorización para a difusión de imaxes, resultados e información xeral das actividades desenvolvidas, con fins exclusivamente educativos, divulgativos ou institucionais, sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos.

Artigo 15. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados no marco deste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola **Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión deste procedemento, así como a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, de conformidade coa normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias dispoñibles en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos.
3. Non obstante, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no correspondente formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos ou para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.
4. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas poderán ser publicados conforme o descrito nesta resolución, a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, tales como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente, así como retirar o seu

Xacobeo 2027

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve

consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se especifica na información adicional dispoñible en https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

Mª Eugenia Pérez Fernández

A directora xeral de Formación Profesional

Asinado por: MARIA EUGENIA PEREZ FERNANDEZ
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 26/10/2026 17:13:36

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AOfG8LT5o1 https://sede.xunta.gal/cve